

Montse Gutiérrez

Necesidade de experimentar

Montse Gutiérrez pertence a unha xeración que tivo que marchar do seu Ferrol natal para formarse, elixindo como destino Valencia e a súa Facultade de San Carlos. A súa volta supuxo o inicio dunha traxectoria expositiva que comezou coa colectiva Novíssimos. Se intento facer un percorrido mental pola súa obra véñenme á memoria os seus grandes lenzos, cálidos e silenciosos, nos que destaca un gusto polo sensitivo que permanecerá inalterable en toda a súa produción posterior.

A súa pintura case sempre nos fala da vida, se exceptuamos o momento no que os seus pinceis decidiron mostrárnola guerra, que aparece sempre en forma de metáfora visual. Neste intre a súa paleta escurécese, desaparece por completo a figura humana e ollamos un escenario de desolación e tristura.

Nas súas creacións é doadoo detectar unha continua necesidade de experimentación e desta maneira sofre cambios continuos na técnica, utilizando óleo ou acrílico, entre outros. Tamén o soporte cambia e o lenzo é substituído ás veces; pero permanece sempre fiel á pintura e ó artista do que se declara fervinte admiradora, Miquel Barceló.

A tonalidade das súas obras persegue á noite, pero endexamáis será alcanzada, quedase flotando sobre o solpor, de aí esa sensación de luz de posta de sol que aflora na práctica totalidade da súa creación. Os seus últimos traballos apostan de novo polo cambio e fannos retroceder no tempo ata atoparnos cunha pintura máis primitiva que nos recorda á simboloxía máxica de manifestacións artísticas prehistóricas.

Emma González

